



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

12.11.2002 05:00

Matemáticas

As *Normas de Xestión Académica*, en aplicación do establecido no Real Decreto 1497/87, modificado polos Reais Decretos 1267/94, 2347/1996 de 8 de novembro, 614/1997 de 25 de abril e 779/1998 de 30 de abril, recollen que para os efectos da realización da libre configuración curricular que establecen os planos de estudio, os alumnos poderán cursa-las materias que para tales efectos se establezan, asistir a seminarios ou realiza-las actividades que determine a universidade.

O artigo 94 das citadas normas reconece a competencia rectoral para autorización de seminarios ou actividades académicas susceptibles de imputarse á libre configuración curricular no suposto de imputación a titulacións concretas.

Vista a proposta da Facultade de Matemáticas de recoñecemento da actividade "**MONITOR DE CLASES PRÁCTICAS**" como créditos de libre configuración curricular este Rectorado adopta a seguinte

RESOLUCIÓN,

PRIMEIRO.- RECOÑECIMIENTO DE ACTIVIDADES

Recoñécese a actividade "**MONITOR DE CLASES PRÁCTICAS**", organizada pola Facultade de Matemáticas, que se vai realizar durante curso 2002-2003, así como as sucesivas edicións que se realicen, para ser imputado como créditos de libre configuración curricular para os alumnos desa Facultade consonte ás seguintes bases:

- Na dita actividade só poderán participar alumnos de segundo ciclo da Licenciatura en Matemáticas seleccionados pola Facultade, que teñan superadas todas as materias troncais e obrigatorias do primeiro ciclo.
- Recoñecerase **1 crédito de libre configuración por cada 20 horas** de seminarios, laboratorios, titorías ou corrección de boletíns nos que colabore, ata un **máximo de 6 créditos** por curso académico, mediante acordo da Comisión de Docencia a proposta do profesor encargado.

TERCEIRO.- CERTIFICACIÓN

Por pedimento dos interesados o Secretario da Facultade de Matemáticas, expedirá unha certificación segundo modelo oficial para o recoñecemento, que ademais da data desta resolución pola que se autoriza o recoñecemento, deberá indicar o código da actividade que será **2002/117**.

CUARTO.- RECOÑECIMIENTO.

Para o recoñecemento de créditos os alumnos presentarán o certificado na unidade de xestión académica onde se lles expedirá, á vista do documento, o impreso de liquidación de prezos públicos. Aboados os prezos públicos o recoñecemento farase de plano e sen máis trámite.

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2002

O RECTOR



Senén Barro Ameneiro

SR. SECRETARIO XERAL - SR. VICERRECTOR DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA E PROFESORADO - SR. DECANO DA FACULTADE DE MATEMÁTICAS - SR. XEFE DO SERVICIO DE XESTIÓN ACADÉMICA - SR XEFE DOS SERVICIOS INFORMÁTICOS - SR. DIRECTOR DO C.O.I.E. - SR. XEFE DO SERVICIO DA ASESORÍA XURÍDICA - SR. XEFE DA UNIDADE DE XESTIÓN ACADÉMICA DO CAMPUS SUR.